

## UNIDADE DIDÁCTICA: RELATO DE VIDA FAMILIAR

### OBXECTIVOS XERAIS

En relación coas familias:

- Fomentar a relación e participación no centro dos seus membros, facéndoo sentir protagonistas das actividades escolares.

Polo que respecta ao alumnado:

- Analizar as diferentes estruturas familiares, observando a repartición de roles e valorando a pertenza a unha familia con características propias.
- Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, así como os cambios e transformacións relacionados co paso do tempo, reconstruíndo a biografía persoal a partir de fontes familiares.
- Crear unha imaxe positiva dun mesmo e desenvolver a capacidade para expresar opinións, sentimentos e emocións relacionados coas vivencias e experiencias propias.
- Respetar con tolerancia e empatía as diferenzas, analizando criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.
- Realizar un traballo de investigación que supón a busca, selección e organización de información, a extracción de conclusións sobre o tema e a comunicación dos resultados.

### CONTIDOS

Os temas que se van tratar fan referencia tanto a conceptos como a procedementos e actitudes:

- Noción e tipos de familias.
- Membros da familia e as súas relacións.
- Valoración da familia de pertenza.
- Evolución histórica da estrutura familiar, tanto en xeral como da propia.
- Papel da muller na familia.
- Repartición equilibrada das tarefas e responsabilidades. Análise crítica (coeducación).

### SECUENCIA DE ACTIVIDADES

A UD proposta componse de seis actividades, que inclúen subtarefas de tres tipos: introdución, estruturación e aplicación. As tarefas introdutorias buscan incorporar aprendizaxes para transformar as ideas previas dos alumnos en coñecemento escolar. O obxectivo das actividades de estruturación, pola súa parte, é intentar que o alumnado organice as experiencias que desenvolveu e estableza as relacións oportunas destas coas súas concepcións de partida. Finalmente, nas actividades de aplicación os discentes deben usar o coñecemento adquirido en novas situacións ou ámbitos.

Actividade 1. Como é a miña familia?

Cada alumno debuxa a súa familia, usando lapis e cores. Deben anotar baixo cada membro a relación de parentesco que mantén consigo: mamá, papá, irmá, irmán...

Actividade 2. En que se parecen e en que se diferencian?

Partindo da actividade anterior, suscítanse preguntas tales como: en que se parecen/que teñen en común as familias?, en que se diferencian?..., co fin de analizar as diferentes estruturas familiares presentes na clase. Búscase chegar á idea de que non podemos falar de familia, senón de familias, debido á súa pluralidade.

Actividade 3. Cal é a miña historia familiar?

Logo de analizar un modelo de árbore xenealóxica, cada alumno debe construír a súa propia, podendo colocar un debuxo ou unha foto para cada membro da familia.

Actividade 4. A miña familia antes e agora

Realización por parte de cada alumno dunha entrevista á súa nai, ou ben a unha das súas avoas, logo de fixar entre todos as preguntas que se van formular: membros da familia, número de fillos, lugar de residencia, ocupación laboral, estudos, lingua familiar, xogos, alimentación...

Actividade 5. Relato autobiográfico

Cada alumno, coa colaboración da súa nai ou avoa, debe facer un relato autobiográfico sobre algún

acontecemento familiar que considere relevante. Os catro centros de interese arredor dos que debe xirar o relato poderían ser: escola, mocidade, cultura/lecer e oficios. Ao longo dunha quincena, o profesor supervisa periodicamente os relatos a medida que os alumnos os van completando, presentándolles cantas indicacións e suxestións considere oportunas. Simultaneamente, faise a lectura individual daqueles relatos xa rematados, convidando á presenza dalgunha nai ou avoa que poida dar testemuño directo en relación coa temática dos relatos, e dándolles a oportunidade aos alumnos de que fagan as preguntas que lles suscite o tema.

#### Actividade 6. Remate da UD

Reúnese á totalidade do alumnado do centro que está a levar á práctica a UD, conxuntamente coas súas familias, no salón de actos/biblioteca para a actividade de peche da UD. A dirección do centro fai a presentación formal, agradecéndolle tanto ao alumnado como ás familias a súa contribución ao desenvolvemento da tarefa.

### METODOLOXÍA

O proceso de ensino-aprendizaxe que se segue enmárcase no modelo educativo sociocrítico, que persegue a capacitación dos suxeitos para a participación e a transformación social. Máis concretamente, a metodoloxía que se emprega será a construtivista, que lle asigna ao profesorado o papel de creador de situacións para que o alumno constrúa as realidades na súa mente a partir da experiencia. Outros principios básicos deste enfoque consisten no uso dunha perspectiva globalizadora, a aprendizaxe significativa, así como a motivación que esperta no alumnado o traballo arredor de temas do seu interese.

### TEMPORIZACIÓN

Dedicación de oito días, ao longo de nove sesións:

Día 1	Día 2	Día 3	Días 4/5/6/7	Día 8
Actividades 1 e 2	Actividade 3	Actividade 4	Actividade 5	Actividade 6
Aula	Casa/Aula	Casa/Aula	Casa/Aula	Salón de Actos
1 sesión	1 sesión	1 sesión	4 sesións	2 sesións

### AVALIACIÓN

Tomando como punto de partida un rigoroso proceso de avaliación inicial, para determinar o grao de éxito alcanzado pola UD, co fin de melloralala, valóranse tanto a formación e a implicación do alumnado como o papel do profesorado, o desenvolvemento da proposta didáctica, os materiais empregados etc. As estratexias usadas consisten fundamentalmente na observación, o rexistro anecdótico, a análise das producións e as entrevistas.